

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DE 24 DE OUTUBRO

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00045488K.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia

2. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00034605V.

Convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, para o desenvolvemento do programa de acollemento de nenos e nenas saharauis “Vacacións en Paz” para o ano 2023.

Acórdase:

- Aprobar a concesión directa de subvención á Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, conforme ao artigo 22.2ª da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Aprobar o gasto por importe de 8.000,00 €.
- Aprobar o texto do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui para o financiamento do programa “Vacacións en Paz”.

3. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00034624J.

Convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo.

Acórdase:

- Aprobar a concesión directa de subvención á Universidade de Santiago de Compostela, conforme ao artigo 22.2ª da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Aprobar o gasto por importe de 1.000,00 €, con imputación á aplicación orzamentaria 080 32600 4890002.
- Aprobar o texto do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo.

4. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00016767G.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 13 de xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Cocina Económica de Santiago para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de sesenta mil euros.

Acórdase aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 13 de xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Cocina Económica de Santiago para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de sesenta mil euros (60.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800001 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023.